



Co respaldo da Consellería de Política Social, a organización humanitaria e a operadora galega percorrarán en xullo seis localidades de Lugo e Pontevedra para ofrecer os seus “menús tecnolóxicos”

R e Cruz Vermella levan a inclusión dixital aos maiores de toda Galicia

- ***O presidente de Cruz Vermella en Lugo, Luis Abelleira; o director de R, Alfredo Ramos; Olga López Racamonde, concelleira de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores do Concello de Lugo, e a responsable autonómica do programa “Enredando”, Trini de Lorenzo presentaron na capital lucense “Enredando Tour R”.***
- ***A aula móbil do programa estivo esta mañá na Praza de Anxo Fernández Gómez; mañá, día 21, continúa o seu periplo en Chantada e o venres 22, na Fonsagrada.***
- ***A próxima semana será a quenda da provincia de Pontevedra, con paradas en Vigo (27 de xullo), Pontevedra (28 de xullo) e A Estrada (29 de xullo)***

Mércores, 20 de xullo de 2022.- “Enredando *tour R*” percorrerá este mes de xullo seis concellos das provincias de Lugo e Pontevedra para favorecer, cos seus obradoiros itinerantes, a inclusión dixital das persoas maiores. A iniciativa “Enredando *tour R*” enmárcase no proxecto de Cruz Vermella en Galicia, Enredando (<https://enredando.gal/>), cuxo obxectivo é mellorar a calidade de vida dos/as usuarios/as e avanzar no camiño da alfabetización á autonomía dixital en Galicia.

A acción, que conta co respaldo da Consellería de Política Social, presentouse esta mañá en Lugo, nun acto que contou coa presenza do presidente de Cruz Vermella en Lugo, Luís Abelleira; o director de **R**, Alfredo Ramos; a concelleira de Benestar Social, Inclusión e Personar Maiores del Concello de Lugo, Olga López Racamonde, y la responsable autonómica de programa “Enredando”, Trini de Lorenzo. Ademais, durante toda a mañá de hoxe desenvolvéronse as primeiras actividades na aula móbil formativa instalada na Praza de Anxo Fernández Gómez.

Tras esta primeira parada na capital lucense, “Enredando *tour R*” recalará mañá xoves 21 en Chantada e o venres 22 na Fonsagrada. A próxima semana será a quenda da provincia de Pontevedra, con escalas en Vigo (27 de xullo), Pontevedra (28 de xullo) e A Estrada (29 de xullo)

Integración dixital das persoas maiores

A intención primeira desta acción é minorar o efecto da fenda dixital que tanto lle afecta a unha gran porcentaxe das/dos maiores e a outros colectivos vulnerables. Falamos de persoas que, por exemplo, durante o confinamento e nos momentos máis duros da pandemia non puideron botar man das novas tecnoloxías para completar xestións esenciais como pedir unha cita médica, facer a compra ou realizar unha operación bancaria sen saír da casa.

R e Cruz Vermella teñen claro que o máis importante é que as persoas maiores lles perdan o medo ás novas tecnoloxías e desenvolvan habilidades básicas que lles permitan avanzar e aprender a navegar por Internet, ter unha conta de correo ou enviar unha mensaxe. E, sobre todo, que non se sintan sós/soas e vexan que persoal especializado e persoas voluntarias de Cruz Vermella e de **R** lles darán o apoio dixital que precisen *in situ*, no espazo das formacións, ou que poden recibir asesoramento a través da páxina enredando.gal, creada especificamente para completar esta acción didáctica dedicada a elas e eles.

Esta é a segunda edición de “Enredando *tour R*”, que en 2021 levou a cabo preto de medio milleiro de formacións en diferentes localidades das catro provincias galegas. Así, o ano pasado establecéronse 11 itinerarios formativos con parada na Coruña, Cedeira, Sarria, Viveiro, Monforte, Carballiño, Verín, O Barco de Valdeorras, Lalín, Ponteareas e A Guarda, que involucraron a máis de 400 persoas entre usuarios e usuarias, profesionais e voluntarios e voluntarias de Cruz Vermella.

Menús formativos (para todos os gustos)

O programa desenvólvese nunha aula móbil con contidos formativos vinculados ás novas tecnoloxías. Unha furgoneta superequipada transporta os *smartphones*, portátiles, tabletas, altofalantes intelixentes... e todo tipo de accesorios para facilitar ese achegamento á realidade da tecnoloxía máis doméstica e presente en multitude de áreas da nosa vida cotiá.

As persoas que participen poderán enredar mentres ‘degustan’ un dos catro “menús formativos” que Cruz Vermella e **R** lles prepararon para que elixan o que máis se adapte ás súas necesidades e preparación.

Os obradoiros realizaranse en horario de 10:30 h a 13:30 h, no espazo exterior (protexidos por uns toldos) e cumprindo escrupulosamente as esixencias sanitarias e medidas anti COVID-19 para garantir a seguridade de todo o mundo e en todo momento.

Esta é a carta de "Enredando *tour R*", cos seus 4 menús:

_ **"Vivo no mundo analóxico, rapaza"**; menú básico para comezar a "enredar" en Internet

_ **"E ti... de quen vés sendo?"**: para saber que é e como funciona o Whatsapp.

_ **"Dixitalízate, ho"**: para aprender como se pode acceder ao SERGAS, ao banco, facer a compra e, en xeral, como xestionar o máis cotián por Internet.

_ **"Menú R: móbilR"**: como compartir o móbilR con netos/as sen sustos: instalar/desinstalar apps e coñecer Youtube Kids.

Para participar nas actividades de "Enredando *tour R*" as persoas interesadas poden chamar ao teléfono gratuíto 900 825 030 ou escribir un correo electrónico a galicia@cruzroja.es.

Máis información

Pilar Freire pilarfreire@octo.es

Rebeca Zapata rebecazapata@octo.es

981 216 677